

# CICLO DE CINE



# E EDUCACIÓN SOCIAL


# 2014

**ENTRADA  
LIBRE**

ORGANIZADO POR:



**A Eira do Ceesg.**  
Grupo de Traballo sobre  
Desenvolvemento Comunitario e  
Educación Ambiental



Grupo de Traballo sobre Impedida e Coesistencia

# Por que cine?

- 🎧 Porque a proposta nace da inquietude dos grupos de traballo do Ceesg, creando así a iniciativa conxunta desde o Ceesg como un gran colectivo que somos.
- 🎧 Porque hai películas que che abren pensamentos e que che dan un novo horizonte de vida.
- 🎧 Porque hai palabras, xestos e silencios nas películas que necesitamos rescatar unha e outra vez en momentos de vida e ademais, compartilos con outros e falar diso.
- 🎧 Porque ten algo lúdico.
- 🎧 Porque o cine é un xeito importante e común de facer política dos simbólico desde os tempos máis remotos.
- 🎧 E finalmente porque nos gusta o cine.

Seleccionamos coidadosamente cada película porque pensamos que estimulan a creación de simbólico dentro de cada ámbito de traballo.

A partir de cada proxección, desexamos mirar e abordar as varias historias que narran estas películas como a aproximación do tema do sexo e a sexualidade na terceira idade, os desexos e as preocupacións que comparten estes seres humanos, reavivando os sentimentos máis profundos sen mirar a data de nacemento no documento nacional de identidade.

Ou como unha muller establece unha comunidade matriarcal onde saen á luz temas como a tolerancia, violencia sexual, amizade, amor, intimidade, lesbianismo, relixión, a morte e o seu particular comportamento independente.

Tamén destacamos o asociacionismo, cando un grupo decide unir forzas para loitar reivindicando un espazo onde soñar, realizar soños e ter oportunidades. Non pasando a responsabilidade a outros e si traballando en conxunto para cambiar algo.

Hai historia que mostra como as accións dunha persoa contra a violencia, poden facer unha pelota de neve que se converte nun movemento para a tolerancia e a paz. Todo iso reflectido en pequenos diarios, nacemento así “Escritores para a liberdade”.

A loita dunha adolescente contra o racismo, frustración, homofobia, abusos sexuais, incesto, discapacidade, inmigración, enfermidades sexuais, homosexualidade, relixión, educación e traballo en rede entre profesionais.


A partir de cada proxección, desexamos mirar e abordar as historias que narran estas películas levando ao público a unha reflexión e aprendizaxe, primeiro para un mesmo e despois para pasar á seguinte xeración.

Grazas desde o Ceesg.

Facultade de  
Historia e Ciencias  
da Educación.  
Edificio de Ferro.  
Aula 01.

OURENSE

2 de  
OUTUBRO  
17:30 h.



# La vida empieza hoy

**TÍTULO ORIXINAL:** La vida empieza hoy

**DIRECCIÓN:** Laura Mañá | **PAÍS:** | España | **ANO:** 2010

**DURACIÓN:** 90 minutos | **XÉNERO:** Drama.


**CALIFICACIÓN:** Non recomendada a menores de 12 anos

## SINOPSE:

Un grupo de persoas maiores reúnese semanalmente cun obxectivo: mellorar a súa vida sexual. E é que ó entrar na xubilación, non significa renunciar ós praceres da carne. Iso é o que descubre Herminia (Sonsoles Benedicto), que atribuíu a súa insatisfacción a unha presunta frixidez provocada polo home equivocado. Con Xulián (Oswaldo Santoro), en cambio, lévase ás mil maravillas entre ás sábas.

Por outro lado, Pepe (Lluís Marco) quere superar a disfunción eréctil que lle provocou o estrés da xubilación. E, finalmente, Juanita (Pilar Bardem) quere levantarse despois de sumirse nunha depresión pola morte do seu marido.

Tódolos participantes nestas sorprendentes reunión de sexo seguirán os consellos de Olga (Rosa María Sardá), a mestra, que lles pon dúas condicións: practicar sempre que sexa posible e repetirse cada mañá que a vida comeza hoxe.



Teatro As Torres de  
Santa Cruz.

OLEIROS

16 de  
OUTUBRO  
20:00 h.



# Antonia's Line

**TÍTULO ORIXINAL:** Antonia's Line


**DIRECCIÓN:** Marleen Gorris | **PAÍS:** Países Baixos | **ANO:** 1995

**DURACIÓN:** 93 minutos | **XÉNERO:** Comedia.

**CALIFICACIÓN:** Non recomendada a menores de 13 anos

## SINOPSE:

Nunha tranquila granxa da campiña holandesa, a nonaxenaria Antonia repasa a súa vida. Tranquilamente deitada na súa cama, fai memoria ata o día, pouco despois da Segunda Guerra Mundial, en que votou ao pobo no que naceu. A partir de aí, lembra a súa vida durante os cincuenta anos seguintes, así como a da súa filla e neta. Un día tras outro, o comportamento independente, e algo excéntrico (cara á sociedade na que viven) de Antonia e a súa familia, e en especial a súa loita a prol dos seus dereitos, mestúrase coa vida cotiá do pobo en que viven. A vella granxa convértese en fogar de personaxes moi variadas nas que o resentimento inicial se converte en tolerancia e, posteriormente, en amor.



Aula UNED.  
Sala de  
exames

LUGO

30 de  
OUTUBRO  
17:00 h.



Grupo de Intervención  
Socioeducativa con Familias

# Precious

**TÍTULO ORIXINAL:** Precious

**DIRECCIÓN:** Lee Daniels | **PAÍS:** Estados Unidos | **ANO:** 2009


**DURACIÓN:** 110 minutos | **XÉNERO:** Drama.

**CALIFICACIÓN:** Non recomendada a menores de 13 anos

## SINOPSE:

Claireece é unha rapaza de Harlem de dezaseis anos, nai de Mongo (fillo do seu propio pai), volve a estar embarazada. Non sabe ler nin escribir, sen embargo na escola deciden expulsala pola súa situación, mentras a súa mestra a deriva a unha escola alternativa.

O filme subraia o efecto dos prexuízos, estereotipos ou do entorno sociofamiliar, pero tamén dos resultados dunha influencia positiva, a potenciación das propias capacidades e o empoderamento.



Centro Social  
Pontevedra  
Leste

PONTEVEDRA

13 de  
NOVIEMBRE  
18:30 h.

## A Eira do Ceesg.

Grupo de Traballo sobre  
Desenvolvemento Comunitario e  
Educación Ambiental

# Luna de Avellaneda

**TÍTULO ORIXINAL:** Luna de Avellaneda

**DIRECCIÓN:** Juan José Campanella | **PAÍS:** España/Arxentina | **ANO:** 2004

**DURACIÓN:** 150 minutos | **XÉNERO:** Drama.

**CALIFICACIÓN:** Non recomendada a menores de 7 anos


### SINOPSE:

O relato xira en torno ao club "Luna de Avellaneda", que, en décadas anteriores, foi un lugar de esplendor e masivamente concorrido, pero que, na Arxentina dos '90, se encontra en decadencia e ingresa nunha crise por unha débeda co Municipio. A proposta de vendelo xera un conflito cos ideais e soños dos seus fundadores e actuais socios, é dicir, coa función dun club de barrio, de recrear e conter a través do deporte, a danza e a arte. Pero a historia do club tamén é a de Román Maldonado (Ricardo Darín), un remisero que traballa nos seus anacos libres no Luna de Avellaneda e ao cal lle dedicou toda a súa vida.

O director logra reunir de forma equilibrada as historias persoais, individuais, co contexto social do club e do país; explora o macrohistórico e as individualidades das personaxes, a súa loita interna, os seus problemas, as súas transformacións e os seus soños.



**20 de  
NOVEMBRO  
17:00 h.**



GRUPO DE TRABALHO SOBRE Infância e Adolescência

# Diarios de la Calle

**TÍTULO ORIXINAL:** Freedom writers

**DIRECCIÓN:** Richard La Gravenese | **PAÍS:** Estados Unidos | **AÑO:** 2007

**DURACIÓN:** 123 minutos | **XÉNERO:** Drama.

**CALIFICACIÓN:** Non recomendada a menores de 12 anos

**SINOPSE:**

Os seus 23 anos, aínda con aspecto de estudante, a idealista Erin Gruwell (Hilary Swank) parece disposta a comerse o mundo o día que entra no instituto Wilson para estrearse como mestra. Pero a súa clase o único que espera é sobrevivir un día máis; son un grupo multiétnico de adolescentes das máis variadas orixes. O único que parecen ter en común é o odio que se profesan entre si e a intuición de que o sistema educativo se está limitando a almacenalos en calquera lugar antes de que teñan idade para desaparecer. Erin empéñase día tras día en gañarse ós seus estudantes pese ó seu obstinado rexeitamento a toda forma de participación nas clases. Sabendo que cada un dos seus estudantes ten unha historia que contar, Erin ánimaos a que escriban un diario cos seus pensamentos e experiencias. Os diarios das rapazas e rapaces pronto deixan de ser deberes de clase e convértense nun instrumento de afirmación vital; e o contacto cos seus estudantes afecta a Erin moito máis profundamente do que ela imaxinara. Baseada en feitos reais, é unha historia exemplar que testemuña a coraxe, a esperanza e o triunfo da vontade humana sobre o espírito de intolerancia.



# ENTIDADES COLABORADORAS



**Concello de Oleiros**

Concellería de Cultura e  
Normalización Lingüística



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN